

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

A FESTA CASTREXA DE BURELA

A festa castrexa nace en 2012 organizada pola Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Burela (ACIA) e nela combínanse historia e entretemento como unha forma de homenaxe aos antigos poboadores dos castros costeiros da Mariña luguesa, sendo o seu elemento representativo o torque de ouro atopado no municipio. Abarca unha fin de semana completa de principios de xullo, durante a cal se desenvolven toda unha serie de actividades lúdicas como xogos, competicións, concertos, gastronomía ou mercado nas que se involucra unha parte cada vez máis importante da poboación.

Un dos elementos presentes desde a primeira edición é o uso das moedas castrexas das que, froito do convenio de colaboración coa fundación local Eu Son, os membros deste colectivo realizaron 15 000 pezas en cerámica de forma totalmente artesanal, polo que podemos dicir que non hai dúas iguais. Esas moedas repártense nos establecementos colaboradores nas datas previas á festa e, chegado o día, serven para participar no sorteo de diferentes regalos.

<http://www.monedasgallegas.com/burela.html> (trad. e adapt.)



1 En que localidade galega se celebra a festa da que fala o texto?

-
- En que provincia se atopa esa localidade?
-

2 Quen organiza a festa?

- O CEIP Vista Alegre de Burela.
- O Concello de Burela.
- A Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Burela.

3 Cal é a súa finalidade? Rodea a resposta correcta:

- a) Felicitar os habitantes da zona que se apelidan Castro.
- b) Homenaxear os antigos poboadores dos castros da Mariña luguesa.
- c) Vender pezas celtas atopadas nas escavacións.

4 En que mes do ano ten lugar?

5 Canto dura?

6 En que ano empezou a celebrarse?

7 Subliña as actividades que se desenvolven:

xogos

exames

gastronomía

decoración

esquí

competicións

mercado

concertos

8 Que teñen de particular as moedas castrexas que se fan para a ocasión? Marca a resposta ou as respostas correctas:

- Que son de cerámica. Que son cadradas.
- Que se poden comer. Que son todas diferentes.

Investiga un pouco máis. Sabes que é un *torque*? Marca cun X a resposta correcta:

- Un colar metálico ríxido.
- A típica cabana dun castro.
- Un tipo de vasilla de barro.

